



A pesca no Lérez no século XVIII

Jose Manuel Pidre Novás

De antigo a pesca supón unha importante fonte de ingresos para as diferentes organizacións que por real decreto tiñan concedidas unhas zonas exclusivas onde soamente podían pescar eles ou quen por eles estaban autorizados; estas comunidades normalmente eran ordes relixiosas, e os beneficios que lles supoñían economicamente falando, non eran unicamente para quen realizaban a actividade senón tamén para os que a permitían nas súas concesións. Como é fácil supoñer, esta práctica non era allea ao mosteiro de San Salvador de Lérez, o que cobraba unha renda aos que lle solicitaban e autorizaban a pesca na súa zona do río Lérez; do mesmo xeito que facían nos seus cotos correspondentes outras ordes como os Bieitos do mosteiro de Poio.

Como dicimos, os ingresos por este concepto eran considerables, aínda que a súa contía dependía da cantidade de capturas que se tiñan no tramo do río que estaba baixo o control dos monxes; por este motivo, de sempre houbo continuos enfrontamentos que en moitos casos acabaron en procesos xudiciais, motivados polo continuo cambio das mouteiras que sinalaban os límites das demarcacións da súa propiedade. Os preitos estaban na maioría dos casos promovidos por ordes relixiosas contra as asociacións de pescadores, que eran quen estaban mais interesados no movemento destes lindes xa que niso íalles boa parte dos seus ingresos.

Pero tamén se orixináron preitos entre ordes relixiosas, e tamén entre estas co arcebispo de Santiago; entre estes xuízos é obrigado sinalar o habido entre os monxes de San Xoán de Poio e o arcebispo, que merece

unha mención pola súa transcendencia e a súa duración, que entre declaracións, reclamacións e desacordos dura décadas. O litixio estaba fundamentado na reclamación feita polo arcebispo aos monxes de Poio, na procura dunha parte dos impostos que estes últimos recadaban pola pesca na súa zona de dominio na ría de Pontevedra, na que o arcebispo consideraba que tiña un dereito de propiedade. O tempo investido e os miles de documentos orixinados, dános unha idea de que os ingresos recadados pola pesca non eran unha cousa menor.

Resulta, cando menos curiosa, a picaresca imperante para sinalar en cada momento os límites que marcaban o tramo das augas da súa propiedade; sempre había algunha entidade ou congregación relixiosa que intentaba que os seus lindes fosen o máis amplos posibles; iso por conseguinte, obrigaba ao seu desprazamento, que no caso do río Lérez, os mollóns que se colocaban axiña que estaban á altura do paso da Barca, ou como veremos ao longo deste escrito, á altura do Monte Porreiro. Baseábanse para fixar estas sinalizacións, no caso do mosteiro polo tipo de auga que tiña o río, ou o que é o mesmo, o tramo do río Lérez controlado polos monxes estaba estipulado augas abaixo ata onde a auga do río mantíñase doce, isto que aparentemente parece moi doado de determinar non o era tanto naqueles tempos, e aínda que hoxe en día temos uns métodos de comprobación mais axeitados tampouco ía ser moi doado colocar este límite das augas de forma definitiva, a non ser que as partes en conflito estean nunha boa disposición para chegar a un acordo, e iso cando hai intereses económicos polo medio é difícil que se dea.

En tramos do río Lérez a súa salinidade varia continuamente xa que está condicionada por variables tales como a intensidade e duración das choivas e a intensidade das mareas; por se isto non fose suficiente temos que engadir que o mecanismo utilizado naqueles tempos para coñecer se a auga era salgada ou doce, non era outro mais natural e subxectivo que o padal dos peritos encargados da inspección, quen tiñan que bebelo e dicir se o sabor era ou non salgado, por iso era tan difícil que os peritos das dúas partes en discordia se puxesen de acordo.

Vén a conto do anteriormente exposto o litixio que tivo lugar no ano de 1766, interposto polo abade e os monxes do Mosteiro de San Salvador de Lérez contra o gremio do mar do porto de Pontevedra, relativo ao establecemento dos límites do tramo de pesca no río Lérez pertencente aos primeiros.

O documento comeza cunha breve exposición dos feitos, narrados polo subdelegado de Mariña do porto de Baiona, quen cita que a instrución do preito, dá comezo o día vinte e cinco de xuño do ano 1765, coa testemuña posta polo escribán de Cangas, Joseph Ignacio de Porto e Mariño, quen a petición do Mosteiro de Lérez expón os privilexios que os monxes teñen concedidos e que acreditan que están autorizados para pescar no Lérez, documentos orixinais das prerrogativas que os monxes presentaran anteriormente ao notario que lle precedeu, o señor Marques de Monteverde. Concesións que posteriormente o día doce do seguinte mes de xullo, dese mesmo ano, tamén lle foron presentados ao fiscal polo apoderado do Mosteiro de Lérez, o señor don Andrés da Sema.



Mosteiro de San Salvador de Lérez. Foto Lorenzo Novas c. a. 1921

No trámite da disputa tómasse a decisión de convocar a todos os involucrados na mesma, é dicir ao mosteiro, ao concello de Pontevedra e aos deputados ou síndico procurador xeral do gremio de matriculados do porto da cidade, para que “se hiziese reconocimiento en aquel prox^{mo} equinoccio del mismo Río de Lérez p^a averiguar dónde llegaría el agua salada y dónde tuviese trmo se fixaxen mojones vien visibles p^a q^e se libró despacho praticose el reconocimiento con otras varias licencias, de q^e se hizo presentación por parte de dho Monasterio concluyendo a q^e se le mantuviese en la posición de la pesca de dho Río...”

Realízase a proba e determínase que os mollóns existentes que sinalan os límites da pesca no río, que era o motivo do preito, estaban postos nos lugares correctos polo que non debían trasladarse, que era o que solicitaban

os compoñentes do gremio do mar, e que xa que logo tiñan que deixarse onde estaban.

O día catro do mes de outubro seguinte envíanse as conclusións destas probas realizadas ao fiscal, o que dá como resultado a resolución dun auto promovido por don Pedro de Ordeñana Cavallero, cabaleiro da Orde de Santiago, Intendente xeral de Mariña do Departamento de Ferrol, co acordo e sinatura do Señor Don Francisco Fariña e Figueroa Auditor de Guerra de Mariña deste Departamento no Real Astillero de Esteiro, a sete días do mes de outubro ano de 1765, onde entre outras apreciacións dise:

“que tratan de este punto, y termina adonde alcanza el agua salada, en atención a que el río de la disputa, está consistente en agua dulce y que solo aquella alcanza

más abaxo del recodo señalaron los peritos de la inspección executada, devía de amparar y ampara a la parte de dho monasterio, en la quieta y pacífica posesión en q^e se alla de pescar privatibamente por si y personas de su orden en el citado río, hasta el sitio más abaxo del mencionado recodo dónde se fixarón los moxones por los mismos péritos, en la qué pena de Ducientos ducados aplicados conforme a derecho, no se le inquiete, ni perturbe por los matriculados y gremio de Mar de la Villa de Pontevedra, ni otro alguno, ni menos el Ministro de aquella provincia se lo ynpida, reserbando a dho monasterio su derecho a salvo quánto a la posesión y propiedade de lo que comprende más abaxo del recodo y marcos fixados...”

Como se ve dáse por bo o manifestado polo mosteiro e posteriormente confirmado polos peritos, fixando



ademais unha multa de douscentos ducados a aqueles que non respectasen os límites existentes que son ratificados por medio do devandito escrito; tamén advirte de forma especial aos matriculados do gremio do Mar de Pontevedra, a quen lle fai chegar o auto por medio de don Juan Antonio de Pazos, comerciante da cidade e persoa que ocupaba un posto relevante no gremio do mar. Estes ao recibir o documento, e por medio do procurador don Manuel de Olmos quen se acode no xulgado para manifestar a súa desconformidade co ditado, solicitando que se volva a practicar un novo recoñecemento no río Lérez.

Atendendo ao requirimento, procédese a enviar os autos ao fiscal de mariña quen responde dicindo que él nada ten que dicir sobre o pedimento presentado, devolvéndoos a Pedro de Ordeñana, quen atendendo ao representante do gremio señor Olmos, o día trinta e un do mes de outubro dispón que con cargo a estes últimos, é dicir aos compoñentes do gremio do mar, se practique un novo recoñecemento das augas do río, de acordo a que segundo as Reais Ordenanzas os matriculados e gremio do mar teñen autorización de pesca no río ata onde alcanza a auga salgada, engadindo que en procedementos desta natureza o recoñecemento e inspección é a proba máis relevante, pero que en pos de que os gastos non sigan aumentando e de que se poida pechar o xuízo, suxire que sen revogar o auto de manutención nin suspender os efectos dados ao Mosteiro de Lérez, o día sete dese mesmo mes se faga o recoñecemento pedido, pedindo a ámbalas dúas partes nomear peritos que deben ir acompañados dun escribán que levante acta do que suceda.

O día dous do seguinte mes de novembro, por medio do novo procurador nomeado polo abade e

monxes de Lérez o señor don Andrés Freire de Espiñeira, quen actuando en nome dos seus representados libra despacho ao subdelegado de Baiona pedindo vista de autos que se admite e opoñéndose ao novo recoñecemento pedido polo gremio do Mar, alegando que a propiedade da pesca no río Lérez que ten o mosteiro fundaméntase nun privilexio dado polo rei don Ordoño, o que foi confirmado por varios sucesores seus, e sempre coa conformidade dos rexedores apoderados da Vila de Pontevedra e o Mosteiro “un foro echo por este de la mitad de dho río acia la parte de Mourente reserbando en sí la otra mitad”, detalla así mesmo que a posesión e uso privativo do Lérez remóntase no tempo, engadindo que o recoñecemento xa foi efectuado por peritos de ambas partes, cuxos resultados facilitáronselle e que aínda que o decreto dado en sete de outubro foino de maneira provisoria, debe ter en conta que o concello deu á parte reclamada recoñecemento e inspección ocular, polo que o decreto promulgado debe entenderse como definitivo, non podendo revogarse en todo nin en parte, dado o tipo de xuízo sumario de que se trata onde non teñen cabida novas probas que son propias de xuízos ordinarios; continua o escrito relatando que por parte do auditor en data vinte e cinco do mesmo mes de outubro declárase que non había lugar á pretensión de repetir a proba.

Remata dicindo que o mandato dado por el en trinta e un do mesmo mes de outubro, onde ordenaba que se fixese un novo recoñecemento é “ablado devidamente y con aquella veneración qe se deve a su alto carácter, ynjusto y nulo notaríam^{te}”, que só sería lóxica unha segunda proba pericial se se detectase algún erro ou outra causa xustificada, polo que prácticas como esas o único que conseguen é facer os xuízos

inesgotábeis. Que os decretos están xustamente dados e que xa que logo confirma os autos dados en sete e vinte e cinco de outubro do pasado ano, pospoñendo o do trinta e un do mesmo mes onde se pedía un novo recoñecemento no río proposto polo señor Olmos en representación do gremio e á súa conta. Ordena que se mande despacho ao subdelegado de Baiona para que suspenda a execución descrita, e ao señor Olmos para comunicarlle que no xuízo que corresponda poida pedir o que crea axeitado; vai asinado o día dezanove de abril de 1766 por Francisco Fariña co acordo do Auditor de Guerra da Mariña do departamento de Ferrol, apercibindo de que aquel que non execute as dilixencias conforme ao seu ditame exponse a unha multa de cincuenta ducados aplicados a gastos da guerra.

Por parte do subdelegado de Baiona Juan Antonio de Benavides, en data dez de maio de 1766, respóntase ao despacho anterior comunicando que nesa subdelegación non se recibiu despacho algún por parte do Gremio do Mar de Pontevedra solicitando un novo recoñecemento no río Lérez, motivo polo que entende que non procede remitir dilixencia algunha sobre o tema, que pola súa banda procédese a aceptar o último documento que se lle enviou para obedecelo e executalo se chegase o caso.

Con iso dáse por finalizado este preito que dá a razón ao Mosteiro de Lérez e deixa os límites do río tal como estaban; chama a atención a dilixencia na súa tramitación e a súa resolución, aínda mais se o comparamos co que sucede hoxe en día onde é impensable que un preito deste tipo e importancia poidase resolver nun prazo inferior a un ano.

Fuente. Legajo 5460. (a.5.565) – Archivo Histórico Nacional. Clero